



# Defendemos o ensino público

## Contra os que imponen as súas regras



### **RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 10 DE MAIO DE 2017 NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CAMPOLONGO.**

Asisten representantes de ANPE, CCOO, CIG, FETE-UGT e STEG. Pola Administración, o Xefe Territorial (XT), o Secretario e o Inspector Xefe (IX).

Comeza a xuntanza ás 09.10 horas coa seguinte orde de traballos:

#### **1. Lectura e aprobación das actas anteriores.**

Apróbanse as actas.

#### **2. Asuntos pendentes de xuntanzas anteriores** (se non se indica o contrario, responde o XT)

**2.1. Vacante no CEIP de Viñas. EP por xubilación non cuberta:** ao final saíu no CXT.

**2.2. Equipamento de FP-B (IES As Neves):** xa lle chegaron mesas e ordenadores, queda pendente o material de oficina.

**2.3. CEIP Tintureira: Orientación:** o departamento de Orientación ten base en Tintureira e o servizo é compartido co Ría de Vigo. Non hai inconveniente en que o PT estea no Ría de Vigo.

**2.4. CPI do Progreso: asolagamento do patio:** problema detectado: trátase dun patio con diferentes cotas e, cando hai chuvia intensa, prodúcense asolagamentos na parte máis baixa. Búscase unha solución e estanse facendo os estudos técnicos pertinentes.

**2.5. Distribución das impresoras 3D aos centros:** En principio dotaranse os centro de bacharelato, sobre todo os de artes. Este ano non se vai abrir novo concurso de contratación. No seguinte concurso dotaranse os CPI's.

#### **3. Novos asuntos:** (se non se indica o contrario, responde o XT)

**3.1. CEIP Fonte Escura. Situación actual e actuacións realizadas:** O XT asinou a petición de recoñecemento de 2 unidades como Centro de Atención Preferente. A día de hoxe, segundo informe da inspección, hai "normalidade" no centro, dentro dos inconvenientes que produce que haxa profesorado de baixa; contan con 4 PT e 1 AL.

**3.2. CEIP A Escardia: Atención ás necesidades específicas do centro:** Teñen 15 profesores propios e 3 máis por riba do catálogo, non teñen Plan de Atención á Diversidade. Segundo os informes da inspección e do Equipo de Orientación Específico, as demandas non son razoables, deberían mellorar na organización dos recursos dos que dispoñen (XT dixit).

**3.3. CEIP de Antonio Fernández (Goián): accesibilidade do centro:** a esta altura o centro goza de toda a accesibilidade; adaptóuselle a planta baixa a unha alumna con problemas de mobilidade, pero a instalación de ascensor ou elevador está suxeita á atención ás necesidades, mais tamén á viabilidade, polo que cómpre ser prudente por criterios económicos de instalación e o elevado custo de mantemento que comporta.

**3.4. EEI de Vilar-Bamio. Deficiencias estruturais sen resolver:** é responsabilidade do concello en primeiro termo, se non o fai, farao a Consellería.

**3.5. CEIP Rosalía de Castro (Carril): transporte escolar do alumnado que non utiliza o comedor:** é algo que non compete ao XT, senón á Subdirección Xeral de Transporte. En calquera caso, lembra que, cando se aprobou a xornada continua, informouse de que o autobús das 14:15 desaparecía "en beneficio" dos usuarios do comedor.

**3.6. Información sobre os traballos previos na zonificación de Vigo:** xa se creou un equipo de inspectores encargado de elaborar un estudo, a finais de ano estarán en condicións de presentar un rascuño/borrador. Abordarase a zonificación de todo Vigo, non de áreas ou zonas concretas, aínda que se poderá desenvolver en diferentes fases.

#### **4. Rolda de intervencións.**

- **CIG.** Pregunta sobre o calendario das probas de avaliación de primaria e secundaria; responde o IX que as datas do de primaria xa foron publicadas e que sairán en breve as de secundaria. Pregunta sobre as vacantes provisionais; responde o IX que aínda é moi cedo, nos meses de maio e xuño vense as necesidades. Pregunta se consta que o CIFP A Xunqueira solicitou un ciclo novo; responde o IX que si, pero non está en condicións de confirmar cal. Pregunta sobre a construción dun novo ximnasio no CEIP de Navia; responde o XT que se acaban de adxudicar a segunda fase das obras, pero non pode precisar se inclúen a construción dun ximnasio.
- **STEG.** Pregunta sobre a agresión reiterada a unha profesora do CEE Saladino Cortizo por parte dun alumno e a adopción de medidas para evitar que se repita; o XT responde que o problema pode atopar unha solución mediante unha recolocación axeitada dos coidadores e que informará con detalle na próxima reunión. Pregunta sobre a problemática xurdida no CEIP Chano Piñeiro pola decisión do director de tramitar un parte de 6 horas de inasistencia a un grupo do profesorado que secundou a convocatoria de paro de 2 horas o día 8 de marzo; o IX responde que todo se debe a un problema do XADE, en calquera caso, o director engadiu unha aclaración ao respecto de xeito que o desconto que se lle vai aplicar ao profesorado afectado é de 2 horas; con todo, daraselles resposta por escrito ás persoas afectadas desde a inspección. Pregunta sobre a partida extra comprometida polo XT con algúns centros para compensar o excesivo gasto do renting da fotocopiadora; responde o XT que está solicitada, pero que hai que esperar, non pode nin confirmar nin desmentir que se vaia a aprobar. Pregunta sobre a solicitude do IES Castelao para a realización de obras de mellora no patio; responde o XT que acudirá a UT.

- **CCOO.** Pregunta pola causa dos problemas que se teñen detectado nalgúns casos para conseguir o certificado de servizos prestados; o XT responde que non sabe cal é a razón, pero que na próxima reunión dará cumprida explicación.
- **ANPE.** Pregunta se na elaboración dos horarios se deben computar horas ou sesións; responde o IX que na Orde de Xornada Laboral se fala de horas, aínda que despois se trasladan ao horario como sesións, polo que se dá un desaxuste que haberá que resolver eventualmente. Pregunta se as 5 horas presenciais que van das 25 ás 30 son fixas no horario ou son de computo semanal flexible; responde o IX que son 5 horas que hai que cumprir, pero que non aparecen consignadas no horario predeterminado.

Remata a reunión ás 11.10 horas.

Rematada a reunión co XT, fixemos unha reunión da permanente da XPD para establecer o calendario das próximas reunións e quedaron fixadas as seguintes datas:

- 31 de maio, reunión da permanente da XPD
- 14 de xuño, pleno da XPD